

Álvaro Cunqueiro e o misterio Mac Calvert*

Álvaro Cunqueiro and the Mac Calvert Mystery

Xesús González Gómez

(Investigador independente / xgg2001@yahoo.es)

Data de recepción: 09/05/2021 – Data de aceptación: 09/11/2021

Resumo: Álvaro Cunqueiro citou en diversos artigos un poema sobre San Martiño de Tours do poeta católico estadounidense Phillips ou Phyllis Mac Calvert, tirado do poemario deste autor *Saints whitout tears*. Tamén traduciu ao galego catro poemas deste poeta. En realidade, tal poeta nunca existiu: é un dos 42 poetas inventados polo escritor. Mais si existiu unha poeta católica norteamericana chamada Phyllis McGinley, estadounidense e católica, e autora dun libro de poemas titulado *Saints without tears*, en que se inclúe un poema sobre San Martiño de Tours. Coñeceu Álvaro Cunqueiro o libro, ou o poema, desta poeta? Onde puido lelo? E se foi así, por que lle cambiou o apelido? Por que persistiu no erro durante anos? Ou foi simplemente un *lapsus linguae*? Ou unha broma literaria?

Palabras chave: Álvaro Cunqueiro, Phillis Mac Calvert, Phyllis McGinley, Phyllis Calvert, xogo literario.

Sumario: 1. Mac Calvert (re)escrito por Cunqueiro. 2. Os poemas cunqueirianos de Mac Calvert. 3. O misterio Mac Calvert. 4. A resolución do misterio Mac Calvert. Referencias bibliográficas.

Abstract: Álvaro Cunqueiro mentions in several articles a poem about St. Martin of Tours by the Catholic American poet Phillips or Phyllis Mac Calvert, taken from a book of poems entitled *Saints without Tears*. He also translated four poems by this poet into Galician. In fact, such poet never existed – it is only one of the 42 poets the writer invented. But there *was* a Catholic American poet called Phyllis McGinley, who was the author of a book of poems entitled *Saints without Tears*, which includes a poem about St. Martin of Tours. Did Álvaro Cunqueiro know about the book and the poem, by this poet? Did he read it? If he did, why did he change the author's surname? Why did he keep making the same mistake for years? Or was it simply a slip of the pen? Or could it have been a literary joke?

Keywords: Álvaro Cunqueiro, Phillis Mac Calvert, Phyllis McGinley, Phyllis Calvert, literary game.

Contents: 1. Mac Calvert (re) written by Cunqueiro. 2. The Cunqueirian poems of Mac Calvert. 3. The Mac Calvert Mystery. 4. Solving the Mac Calvert Mystery. Bibliographic references.

* Quero agradecer as lecturas, suxestións e correccións que fixeron ao texto primitivo Enrique Acuña, Xosé Henrique Costas e Miguel González Somovilla, ademais das informacións que me forneceron. Dito isto, segundo a fórmula consagrada, só eu son responsábel dos erros eventuais. Unha primeira versión, reducida, deste traballo apareceu na revista electrónica *Biosbardia*, en outubro de 2019 (<https://biosbardia.wordpress.com/2019/10/30/cunqueiro-e-o-misterio-mc-calvert/>).

1. Mac Calvert (re)escrito por Cunqueiro

O 9 de novembro de 1958, no xornal *El Progreso*, de Lugo, aparecía o artigo «San Martín y el veranillo», asinado por Álvaro Cunqueiro. O mindoniense lembraba que o

Martes próximo [día 11] celebra la Santa Iglesia la fiesta de San Martín. Aquí ya estamos celebrando su veranillo, que como es sabido, es la memoria que Dios dejó en la tierra de los hombres de la caridad de Martín de Tours que partió su capa con un pobre, cortándola sin apearse de su caballo, –según enseña la pintura–, con su propia espada legionaria.

E máis adiante lese:

Un poeta católico norteamericano, Felipe Mac Calvert, en su delicioso libro de poemas titulado «Saints whitout tears», es decir, «Santos sin lágrimas», trae a Martín partiendo la capa. El poema termina así:

*Dijo el coronel: el uniforme
es el uniforme.
El intendente del ejército dijo:
la masita no cubre el despilfarro.
Martín no sonreía. Todavía seguía
de su trozo de capa arrancando hilos
y los dejaba caer sobre las hierbas,
que también pasan su frío en el invierno.
–La caja no responde de ese gasto,
dijo el capitán cajero.
Dijo Dios hablando por boca de un soldado
raso: No hay oro
en todo el mundo para responder de eso.
Solamente el corazón de Martín
y mi Juicio.*

probablemente en la primera revista que pasó Martín después de su caridad, fue arrestado. el uniforme es el uniforme, dijo el coronel.

O artigo está recollido no volume *O reino da chuva* (Cunqueiro 1992: 205-206), que recolle case que todos os artigos publicados por Cunqueiro no xornal lugués *El Progreso* entre 1956 e 1961, transcritos por Mabel Mato cunha impericia que pode chegar a asombrar. Por exemplo, nas liñas que reproducimos, Mato desvíase do orixinal en diversas ocasións: alá onde no xornal se le «dejó en la tierra de los hombres», Mato transcribe «dejó en la tierra a los hombres», e no canto de *masita*, non sabemos por que, transcribe *manta*, o que converte o verso cunqueiriano nun verso máis ou menos ultraísta; o verso noveno, que se transcribe correctamente aquí, Mato transcribe: «La caja no responde a ese gasto» (a cursiva é nosa).

Case un ano exacto despois, o cinco de novembro de 1959, no vespertino compostelán *La Noche*, Álvaro Cunqueiro publicou un artigo titulado «Santos sin lágrimas» (o artigo está recollido en Alonso Girgado / Domínguez Mallo 2012: 81-82). Neste artigo lese:

Según el poeta americano Phyllis Mac Calvert, en su delicioso libro de poemas que lleva el mismo título que este artículo, *Saints without tears*, la caridad de Martín no cayó muy bien en el ejército romano.

*Dijo el coronel: el uniforme
es el uniforme.
El intendente dijo:
la masita no cubre el despilfarro.
Martín sonreía y de las capas seguía
arrancando hilos y dejándolos caer
sobre las hierbas,
que también pasan frío,
en invierno.
—La caja no responde de ese gasto,
afirmo el capitán cajero.*

Un ano despois, o autor de *Tesouros novos e vellos* mellorou e cambiou algo (suprimindo versos, cambiando a métrica dalgúns etc.) a tradución dese poema de Phyllis (ou Felipe) Mac Calvert. Nesta nova versión «Martín sonreía» era, na anterior, «Martín no sonreía».

Case tres anos despois da aparición do «San Martín y el veranillo» en *El Progreso*, Álvaro Cunqueiro entrega, no mesmo xornal lugués, o 12 de novembro de 1961, o artigo titulado «El faisán de Sálvora», no que se le:

Fuimos a caer muy lejos del faisán de Sálvora. Le ha llegado a él también su San Martín. Cae cuando en las bodegas de todo este país se espicha con honor el vino nuevo. ¡El humano Martín! De las cosas que para mí están más probadas es que el Señor manda estos días tibios ahora en memoria de la capa que San Martín partió con un pobre. «Era un sargento del ejército romano», dice la novena que escribió Charles Péguy para los asilados de Saint-Martin [sic] de Bouzes, que ha publicado Daniel Halévy. Y es curiosa la coincidencia: Péguy, al igual que el americano MacCalvert [sic], hacen la misma reflexión sobre el uniforme de Martín, que quedó destrozado. «¡Es un despilfarro! ¡La masita no lo cubre!», dice el mayor en el poema de Mac Calvert.

Mabel Mato transcribe *aislados* (ou é erro de imprenta?) no canto de *asilados*, aínda que teña certa graza, porque os asilados adoitan estar abondo illados (Cunqueiro 1992: 471-472). Neste artigo o mindoniense non transcribe o poema, pero mentres anteriormente quen afirmaba que a caixa, ou a masita, non corría con ese gasto, pasa de ser o capitán caixeiro a ser agora un «maior».

Poucos meses despois de ver lume «El faisán de Sálvora», diversos xornais da «Cadena del Movimiento», entre eles *Los Sitios. Diario del Movimiento*, de Girona (18 de xaneiro de 1962) e *Imperio. Diario de la F.E.T. y de las J.O.N.S.*, de Zamora (dous días despois, é dicir, o 20 do mesmo mes e ano), publican un artigo de Cunqueiro titulado «Los cazadores», no que di:

Partió [Martín] la capa con el mendigo. Phyllis Mac Calvert contó la escena en su libro «Santos sin lágrimas»:

*–Eso no está permitido,
dijo el coronel. No se permite,
dijo el comandante, romper el uniforme.
Es un despilfarro, dijo el jefe del vestuario.
El uniforme es el uniforme.
Pero Martín sonreía mientras el pobre se alejaba.
Y con el trozo que quedaba se ofrecía
para cubrir la hierba en invierno,
en el duro invierno, en los campos... [...]*

O poema, como se comproba, volve cambiar, esta vez case que completamente, así como os graos militares.

E en novembro dese mesmo ano de 1962, o día 10, nas páxinas de *Faro de Vigo*, na súa sección «El envés», Cunqueiro entrega o artigo «Mañana es San Martín», en cuxo primeiro parágrafo se le:

Mañana es San Martín. [...] en el dulce país de la Turena estará Martín partiendo su capa con el pobre. Martín iba a caballo, y la capa era la militar romana, la de uniforme. Martín desenvainó su espada y partió la capa en dos. Para el Greco la capa era roja; para otros pintores era azul, amarilla, verde, blanca. Atengámonos hoy al Greco y digamos que partió en dos la capa roja. Por los versos de Mac Calvert sabemos que la caridad de Martín no gusto nada en su regimiento y que en la primera parada todas las miradas estaban fijas en aquel oficial que solamente llevaba media capa colgándole del hombro [...] (Cunqueiro 2012: 159-169)

En Cunqueiro (2013) recóllense as colaboracións de Álvaro Cunqueiro no semanario madrileño *Sábado Gráfico*. Nas páxinas 718-720 reproducese o artigo, publicado no número 425 da revista, correspondente ao 21 de novembro de 1964, «Las hogueras de San Martín», do que transcribimos os seguintes parágrafos:

El poeta norteamericano Phillips Mac Calvert, en su libro *Santos sin lágrimas*, averiguó que se trataba de la capa del uniforme militar romano, y que la cosa no le gustó nada al coronel:

*–Es un despilfarro –dijo el jefe.
–La masita no cubre ese gasto –dijo el mayor.*

Y Martín quedó en el cuartel, arrestado, mientras los otros desfilaban con las capas enteras en el aniversario del señor latino de la ciudad y el mundo.

No número 1527 da barcelonesa revista *Destino*, número correspondente ao 12 de novembro de 1966, publícase o artigo de Cunqueiro titulado «Ayer fue San Martín», no que, entre outras cousas, se di:

[Martín] Partió la capa en el duro invierno, y regresó en silencio al cuartel. El poeta Mac Calvert dice que le riñeron el coronel y el mayor encargado del vestuario. Es casi seguro que San Martín fue arrestado en banderas y no pudo asistir al desfile de las calendas de marzo. (Cunqueiro 2007: 469)

Anos despois, en novembro 1971, aparece un artigo de Cunqueiro, «Martin y su capa», en diversos xornais españois, xa que a axencia EFE distribuía artigos do mindoniense. Un dos xornais en que se publicou foi o *Diario de Burgos*, no que apareceu o día 14 dese mes. Outro foi *La Vanguardia* de Barcelona, no que apareceu xusto unha semana despois, o 21 dese mesmo mes de novembro. O seu inicio é o seguinte:

El poeta Phillips Mac Calvert, en un poema de su libro «Santos sin lágrimas», nos muestra a Martín, a San Martín de Tours, cuando el coronel de su regimiento –Mac Calvert actualiza las legiones romanas– le riñe por presentarse a la revista con media capa, en vez de la reglamentaria capa entera, por haberle dado la mitad que falta a un mendigo. Un capitán de intendencia comenta que se trata de un verdadero despilfarro. La capa, a creer al Greco en aquel hermoso cuadro suyo que fue del rey Carol de Rumanía y que ahora ignoro dónde se conserva, era de un vivo rojo llameante y caía como un inmenso río de fuego desde lo alto del caballo blanco de Martín hasta las manos del mendigo.

Neste novo artigo, o nome pasa a ser Phillips no canto de Phyllis e o «maior» convértese en «capitán de intendencia» etc. Finalmente, reproducimos un parágrafo do artigo «Los viajes de Jerusalén», recollido por Néstor Luján no volume *Fábulas y leyendas de la mar* (Cunqueiro 1993: 166-169): «Entre estos relatos hay uno que le ha gustado mucho al poeta Phillips Mac Calvert, quien, en su libro *Santos sin lágrimas*, se ha referido a él en un poema dedicado a San Olaf».

2. Os poemas cunqueirianos de Mac Calvert

Pode ser que Álvaro Cunqueiro citara algunhas veces máis este poeta norteamericano, Phillips (ou Phyllis, ou Phyllips) Mac Calvert, pero penso que a mostra é suficiente. Á parte destas citas, o escritor galego deu, nas páxinas de «Letras» de *Faro de Vigo*, a tradución de catro poemas deste poeta norteamericano, poemas que apareceron nas seguintes datas:

- 16 de agosto de 1964: «O cabalo no seu escano», Phyllis Mac Calvert (traduciu Álvaro Labrada).
- 8 de maio de 1966: «Os dons de Dan Gouean de Cinc», Phyllis Mac Calvert (traduciu Manuel M.^a Seoane).

•17 de marzo de 1974: «Deloutra parte do mundo», Phillips [sic] Mac Calvert, (de «Santos sin bágoas». Tradución ao galego de Manuel María Seoane).

•6 de xuño de 1976: «Ese lago que te segue...», Phillis Mac Calvert, (de «País de onde eu veño». Tradución de Manuel María Seoane).

Poemas todos recollidos por Costas González (2021) nun libro que recolle cincuenta poemas de corenta e dous poetas... que non existiron. Os poemas entregounos Álvaro Cunqueiro nas páxinas de «Letras» de *Faro de Vigo* como tradución e ían asinados, maiormente, xa que algúns non levan sinatura, por varios dos múltiples pseudónimos usados polo mindoniense. É dicir, son poemas do escritor galego que Castro Buerger / Costas (2011) denominan «apócrifos».

3. O misterio Mac Calvert

Aquí podería rematar o suposto «misterio Mac Calvert», xa que é sabido que eses poemas non pertencen a tal poeta, que nunca existiu. O misterio sería por que este poeta aparece citado en diferentes ocasións en artigos dos que acabamos de dar noticia, artigos que van desde 1958 a 1971, como mínimo. O misterio sería, ou é, que Cunqueiro fala dun poema, que transcribe ás veces en parte, e sempre cambiándoo, recollido nun libro: *Saints without tears*. Se picamos este título en Google, dános un total de 68 entradas⁵¹, mais, sobre todo, descóbrese que existe unha poeta norteamericana de nome Phyllis McGinley (Ontario, Oregon, 1905-1978), Premio Pulitzer de poesía en 1961. Picando o seu nome en Google⁵² (cun resultado de 150 entradas), sábese que en 1954 publica, na Viking Press, de Nova York, o libro *The Love Letters of Phyllis McGinley*, libro de poemas dividido en diversas seccións: «A little praise», «A Gallery of Elders», «A little blame», «*Saint without tears*», etc.; e os títulos de moitos dos poemas: «The temptations of Saint Anthony», «Mother of the saint», «Simeon Stylites», «Paterfamilias», «Sonnet from Assisi», «Conversation in Avila»... denuncian aquilo que afirma a Wikipedia: era unha católica radical, tamén antifeminista e humorista, segundo din. Tamén na Wikipedia transcriben o que dela di Sylvia Plath nos seus diarios: «Phyllis McGinley descartada, verso lixeiro: vendeu a súa alma». Como talvez non se entenda a frase de Plath, transcribimos o parágrafo enteiro dos seus diarios en que fala desta (e outras) poetas. É unha anotación do sábado, pola mañá, 29 de marzo de 1958:

«Son arrogante: teño a impresión de ter escrito uns versos que merecen o título de Poeta dos Estados Unidos (Ted [Hughes, daquela seu marido] sería o poeta de

⁵¹ Última busca, 15/03/2021.

⁵² Última busca realizada o 15/03/2021.

Inglaterra e os seus dominios⁵³). Con quen compito? En fin, na historia, con Safo, Elizabeth Barret-Browning, Christina Rossetti, Amy Lowell, Emily Dickinson, Edna St. Vincent Millay... todas mortas. Do presente con Edith Stiwell e Marianne Moore, as xigantes veteranas e madriñas poéticas. Phyllis McGinley, descartada (verso lixeiro: vendeu a alma). Máis ben Mary Sweson, Isabella Gardner e máis perto, Adrienne Cecile Rich (á que eclipsarei en nada con estes oito poemas. (Plath 2016: 493; a tradución en galego é nosa, XGG)

Se seguimos, con moita paciencia, procurando na rede, atopamos cun poema, aparecido en 1954 na revista *Time*, titulado «Lesson for Beginners» (Lección para principiantes), que finalmente foi incorporado ao libro *Saint without tears*, poema que transcribimos e do que se entrega a tradución realizada por Ramón Gutiérrez, a quen lle agradecemos a súa versión deste poema de Phyllis McGinley:

Martin of Tours,
When he earned his shilling
Trooping the flags
of the Roman Guard
Came on a poor
Aching and chilling
Beggar in rags
By the barracks yard.

Blind to his lack,
The guard went riding.
But Martin a moment,
Paused and Drew
The coat from his back,
His sword from hiding,
And sabered his raiment
into two.

Now some who muse
On the allegory
Affect to find
It a pious joke;
To the beggar what use,
For Martin what glory
In deed half-kind
And part of a cloak?

Still, it has charm,
And a point worth seizing.
For all who move
In the mortal sun
Know halfway warm
Is better than freezing

*(Estaba) Martín de Tours
gañando a soldada
ao servizo das bandeiras
da garda romana,
cando chegou un pobre
queixoso e arrepante
mendigo farrapalleiro
polo patio do cuartel.*

*Alleo ás súas penurias
o garda ía montar a cabalo
pero Martín por un momento
parouse e quitou
o manto das costas.
Quitou a espada oculta
e rachou a capa
en dúas.*

*Agora algúns pensan
nesta alegoría
para deducir
que é una broma piedosa;
Para o mendigo que ben
e para Martín qué gloria
do feito a medias
E (de qué vale) a parte dun manto?*

*Así e todo, ten o seu encanto
e algo paga a pena aproveitar.
Todos os que se moven
baixo o sol mortal
saben que una metade morna
é mellor cá conxelada.*

⁵³ Lembremos que, finalmente, Ted Hughes acabou como «poeta laureado» do Reino Unido.

As half a love
Is better than none.

*Como a metade dun amor
É mellor ca ningún.*

Como se comproba, o poema fala de San Martiño de Tours, mesmo de que divide a súa capa en dúas e lle entrega unha a un mendigo... e acabáronse as coincidencias que, por outra parte, son demasiadas.

Cunqueiro fala dun poeta: Phyllis (unhas veces), Phillips (outras), e unha vez Felipe, Mac Calvert, que, en realidade, non existe, como sabemos. Deste poeta coñece o título de dous libros: *Santos sen bágoas* e *País de onde eu veño*: como vimos, «santos sen bágoas/santos sin lágrimas», corresponde a un libro da poeta norteamericana Phyllis McGinley, quen á súa vez dedicou un poema a Martiño de Tours, ao igual que fixo o suposto poeta que Álvaro Cunqueiro bautiza co nome de Phyllis Mac Calvert, poeta, a todas luces, inexistente. E os poemas que traduce deste poeta, porque o escritor galego sempre lle apón o xénero masculino, son poemas «apócrifos» de Cunqueiro, xa que comprobados os poemas un por un no exemplar de *The Love Letters of Phyllis McGinley* –libro en que está incluído *Saints whitout tears*– en posesión de Xosé Henrique Costas, non existe ningunha coincidencia. Como tampouco Phyllis McGinley dedica ningún poema a San Olaf, cousa que fixo Phillips Mac Calvert, segundo o escritor galego no artigo «Los viajes a Jerusalem», citado parágrafos atrás. Por outra parte, na biografía e bibliografía que Wikipedia dá de Phyllis McGinley non existe ningún libro de poemas, nin de narrativa infantil, outra das «especialidades» desta poeta estadounidense, cuxo título, nin por aproximación, poida semellarse ao de *País de onde eu veño*, libro do que Cunqueiro, co pseudónimo de Manuel María Seoane, traduciu o poema de Phillips Mac Calvert, «Ese lago que te segue...», publicado, como se indicou atrás, nas páxinas de «Letras» de *Faro de Vigo* o 6 de xuño de 1976. Mais tamén existe a coincidencia de que Cunqueiro adxectiva a «Felipe Mac Calvert» de poeta católico, o que era Phyllis McGinley.

Se ben Phillips ou Phyllis Mac Calvert non existiu «fisicamente», é dicir, fóra da vida que lle entrega Álvaro Cunqueiro, cabe preguntarse se o escritor galego coñeceu ou leu algo escrito, por Phyllis McGinley, porque é evidente, penso, que nalgunha parte leu que un(ha) poeta norteamericano/a escribira un libro que se titulaba *Saint without tears*, que neste libro había un poema dedicado a San Martiño de Tours, e que no poema se falaba do acto de San Martiño de dividir a súa capa en dúas e darlle unha delas a un mendigo. Como vimos, esta é a «anécdota» do poema de Phyllis McGinley –Cunqueiro engade outros «considerandos». Mais, onde leu o noso escritor esa, digámolo así, información? Ou leu o poema de McGinley, porque é evidente que o mindoniense leu nalgunha parte o título do libro, parte do poema ou o poema enteiro –ou cando menos o seu «tema»– e nome da autora, que logo el cambiase o apelido (e o xénero) da poeta, é outra cuestión, sobre a que logo lanzaremos unha hipótese.

Unha das hipóteses, que lle debo á suxestión de Enrique Acuña, de onde Cunqueiro puido tirar a «información» sobre *Saint without tears* e o poema dedicado a Martiño de Tours é que McGinley talvez colaborase na revista

norteamericana *Reader's Digest*, que en España se publicaba mensualmente co título de *Selecciones del Reader's Digest*. Nesta revista puido dar o mindoniense con poemas ou escritos de Phyllis McGinley, porque nela colaborou a poeta norteamericana. A entrada na Wikipedia corrobora esta hipótese. E na web www.britannica.com, na entrada que lle dedica a esta poeta pódese ler: «Her essays, first published in such magazines as *Ladies' Home Journal* and *Reader's Digest*, are collected in *Province of the Heart* (1959); *Sixpence in Her Shoe* (1964), a popular series of autobiographical essays about being a wife in the suburbs; *Wonderful Time* (1966); and *Saint Watching* (1969)»⁵⁴.

Unha vez sabido que a poeta norteamericana colaborara nesa revista estadounidense, fixen procuras na prensa española dixitalizada e nas miñas pescudas sobre Phyllis McGinley nesa prensa só dei co seu nome en dous escritos, un sen sinatura, aparecido no xornal lugués *El Progreso* o 30 de agosto de 1961, na páxina tres, «Artes e letras». Dá a impresión de que o escrito é unha desas colaboracións que diferentes axencias de prensa ofrecían (ofrecen) aos xornais «de provincia». A dúas columnas dáse a seguinte noticia: «Dos mujeres galardonadas con el premio Pulitzer. Consiguieron los de Novela y Poesía». O anónimo redactor, despois de afirmar que «aunque la mayor parte de los premios establecidos por el gran periodista Joseph Pulitzer, son premios al periodismo los literarios despiertan más interés, sobre todo en el mundo teatral y editorial». A expectación, segundo o redactor da noticia, «alcanza el punto de ebullición la víspera del día señalado para la adjudicación de los premios. Ha sido precisamente en dos de esas categorías literarias, la novela y la poesía en las que Harper, Lee y Phyllis McGinley han conquistado sus laureles». Logo de explicar quen é Harper Lee, de que vai a súa novela (*To Kill a Mocking Bird*, Matar un reiseñor), pasa a falar da outra ganadora:

La otra mujer galardonada con el premio Pulitzer es la poeta Phyllips McGinley. Lleva más de treinta años deleitando a sus lectores con la gracia de su ingenio y sin embargo en cierto modo también es algo «cenicienta» [coma Harper Lee].

Lo es porque su fama se ha edificado sobre la base de su asombrosa facilidad como escritora de versos ligeros y sin duda muchos ojos se agrandarán llenos de sorpresa al enterarse de que el jurado del premio Pulitzer la había considerado digna de tal recompensa.

Phyllips McGinley es una comentarista de los pequeños detalles de la vida cotidiana que observa desde el punto de vista del ama de casa.

Sin embargo muchos lectores piensan que ya es hora de dejar de considerarla simplemente como una hábil rimadora y de reconocer su mérito y valía. Porque aunque a menudo escribe sobre sus experiencias cotidianas lo hace con agudeza y técnica asombrosa, salpicados de brillantes golpes satíricos. Poetas y críticos

⁵⁴ Última consulta, 22/03/2021. Para unha bibliografía de Phyllips McGinley: <https://cat.librarything.com/author/mcginleyphyllis>.

admiran su virtuosismo y Peter Dickson⁵⁵ (de la revista humorística inglesa *Punch*) ha dicho que es «el mejor poeta norteamericano contemporáneo».

TimesThree, el libro que le ha valido el premio Pulitzer. Hace que uno se incline a pensar que Peter Dickson tiene razón. Es una obra antológica correspondiente a treinta años de producción literaria; presenta todas las gamas de sus inimitables versos, desde los más frívolos de sus comentarios ligeros hasta las descripciones profundamente conmovedoras en las que retrata sucesos y ambientes. En sus páginas se puede seguir la evolución de su arte poética. En los versos correspondientes a la década de 1930 se observa la tendencia a confiar en los juegos de palabras, propensión que veinte años más tarde se ha convertido en una técnica depurada que se permite expresarse con auténtico lirismo.

Aunque Phyllis McGinley haya escrito «Con el *statu quo* de hoy. Ayer y hoy estoy conforme[,] ella no se ha conformado con permanecer estancada en un mismo nivel. Al contrario, ha demostrado que la línea divisoria entre el verso “ligero” y la poesía “seria” llega a ser casi imperceptible cuando el escritor es de la talla de Phyllips McGinley. El premio Pulitzer que premia su labor poética lo confirma plenamente»⁵⁶.

A outra referencia a esta escritora norteamericana que dei atopado na prensa española dixitalizada está nun escrito de Noel Clarasó, escritor bilingüe –catalán, castelán–, considerado humorista e abondo conservador. O escritor catalán, nun artigo titulado «Valores sobre la mesa», publicado o domingo 14 de marzo de 1965, na páxina de colaboracións do xornal barcelonés *La Vanguardia*, artigo que trata do traballo da muller, escribe:

Y acudo en seguida al texto ajeno. Confieso que sé muy poco de la autora del texto. Se llama Phyllis McGinley y es, según el *Reader's Digest*, de donde la copio, «una famosa escritora y poetisa». Escribe esta señora:

«Mi opinión sobre este punto es incommovible. Sostengo que la mujer tiene, más que el derecho, el deber de consagrarse enteramente a las tareas de su hogar. Tan elevado es mi concepto de nuestra misión y de su importancia en el concierto humano, que ella me parece ocupación suficiente para llenar la vida y el corazón de cualquier mujer.»

No conozco el original inglés. Lo copio ya traducido. Si hay errores, no son míos. Lo tomo de un ensayo con este título: «La Mujer Casada y el Trabajo». Y lo recomiendo a todos aquellos a quienes interese el tema. Es claro, sustancioso y con todos los valores en su debido sitio y sin invertir. Esto a mi juicio, que, si no de muchos, es también, al menos, el de la autora. Y desde aquí le grito:

–¡La felicito, señora!

⁵⁵ En realidade, Peter Dickinson (1927-2015), poeta, autor de libros infantís etc. Durante dezasete anos traballou na revista *Punch*.

⁵⁶ Algún dos libros «infantís» de McGinley foron adaptados ao cine e á televisión: *The Year Whitout a Santa Claus* foi adaptado en dúas ocasións. En 1974, por Arthur Rankin Jr. e Jules Bass (un filme de animación en *stop-motion*), e en 2006 por Ron Underwood, con John Goodman e Delta Burke.

Y siento no conocerla y que esto me impida platicar un rato con usted. O no lo siento, pues si ya estamos de acuerdo, podría suceder que nos desviáramos al platicar y no ganaríamos nada.

Copio el párrafo final del citado ensayo. Y lo suscribo todo. Es así: «Por lo común el mundo marcha mejor cuando el hombre y la mujer se mantienen dentro de su propia esfera de actividad. No digo que la mujer en sí se beneficie de ello, pero sí que la sociedad en general se beneficiará. Y tal es, en fin de cuentas, el misterioso honor y deber de la mujer [*liña ilexibél*] órbita. Nuestra misión es sacrificar, dar, no devorar, la vida. El decirnos artificialmente, como lo hacen algunos propagandistas, que tenemos el deber de ocuparnos en algo fuera del hogar es una petulante necesidad. Pocos trabajos valen la pena de trastornar por su causa la vida del hogar, a menos que la familia, y no sólo el ama de casa misma, se beneficie con ello». Y ahora una pregunta al aire:

—¿Estamos de acuerdo sí o no?

Yo, sí; sin la mínima reserva. Nada encontré, referido al valor «integración de la mujer», que lo defina tan claramente.

Phyllis McGinley. Tomo nota del nombre para comprar el libro si un día lo veo en la portada. Y a mí, en voz baja, ya sin testigos, me repito:

—Menos mal, menos mal [...].»


Malia todo, é dicir, a esta serie de informacións, fica sen descifrar o «misterio Mac Calvert». Ou sexa, por que Álvaro Cunqueiro, que coñecía de primeira (ou de segunda) man o poema de Phyllis McGinley sobre San Martiño de Tours, sempre a apelida (cambiándolle o sexo) Mac Calvert? Cando menos, senón un misterio, é curioso. Curioso porque o escritor galego, maiormente, e contra a opinión que se sostivo durante moito tempo, documentábase para escribir os seus artigos ou botaba man dos seus arquivos e, en menos ocasións do que parece, da súa memoria. E penso que a serie de citas sobre Phyllips Mac Calvert que se reproduciron ao inicio confirman que o seu autor consultou o seu arquivo para escribir algúns destes artigos, porque obsérvase que primeiramente chama ao [*sic*] poeta «Felipe» e no segundo «Phyllips» e logo case sempre Phillips (e no primeiro dos artigos citados, adxectívaos de «poeta católico», que o era; e nas traducións empata: dúas veces Phyllips e dúas Phillips, polo que botando man do pensamento máxico podíamos dicir que cando escribe Phyllips bota man do arquivo e cando escribe Phillips bota man da memoria⁵⁷).

⁵⁷ Que Cunqueiro botaba man do seu arquivo no momento de escribir algúns dos seus artigos, penso que o demostra o seguinte. A finais de 2020, a Casa-Museo Álvaro Cunqueiro, de Mondoñedo, deu ao prelo o libro *O labirinto do Imperio Secreto. Vinte artigos (1959-1976) da serie xornalística máis enigmática de Álvaro Cunqueiro*, editado e presentado por Miguel González Somovilla. No primeiro artigo destes vinte escolmados por González Somovilla, «El Imperio secreto y los esclavos», aparecido no vespertino compostelán *La Noche*, o 10/12/1959, escribe o de Mondoñedo: «El discurso paternalista, y fundamentalmente filantrópico, del político sudafricano, reproduce, casi a la letra, un *propos* de Alain, publicado en la *NRF* en noviembre de 1928». O artigo do filósofo francés

4. A resolución do misterio Mac Calvert

Mais continúa en pé o «misterio» Mac Calvert, é dicir, por que Cunqueiro troca o apelido, e por que ese poeta «inventado» por el aparece nunha restra de artigos seus e «traduce» ao galego catro poemas de tal poeta? Fora como se quixese crear un novo escritor, ou era simplemente (como a proliferación de pseudónimos) unha *blague*? Non o creo, acho que a utilización de tantos pseudónimos por parte de Cunqueiro ten unha explicación que non nos trae agora. Ora o cambio do apelido McGinley por Mac Calvert pode ter, tamén, unha explicación sinxela, aínda que, en certo modo, un pouco «recreativa», no sentido de que tanto a psicoloxía, como a psicanálise, teñen algo de «ciencia recreativa»? Lancemos dúas hipóteses, porque afirmacións a este respecto poucas se poden facer. Se é que se pode facer algunha.

A primeira das hipóteses sería que o escritor galego lle apón a Phyllis McGinley o apelido Mac Calvert por un simple *lapsus linguae*. Nos anos 40 e 50 do século XX estreáronse en España distintos filmes de diversa nacionalidade en que a «protagonista», ou importante secundaria, era a actriz británica *Phyllis Calvert*, actriz británica abondo coñecida naqueles anos e da que no verán de 1958, ano en que Cunqueiro fala por vez primeira do poeta «Felipe Mac Calvert», estreábase en España, en Galicia, o filme británico *La mujer sin nombre* (1950), de Ladislao Vajda, protagonizado por Phyllis Calvert, Richard Burton e outros (Imaxe 1).



Imaxe 1: Anuncio inserido no xornal lugués *El Progreso* no verán de 1958.

Alain apareceu no número 182 da revista mencionada por Cunqueiro (*Nouvelle Revue Française*), correspondente ao 01/11/1928, como informa González Somovilla. Ou a memoria do escritor galego era prodixiosa, cousa que non negaremos, ou tiña naquel momento a revista francesa a man, ou cando lera o artigo de Alain anotara o dato e arquiváralo. Ou, por que non, obraba no seu poder un exemplar da revista. As posibilidades son moitas, mais ningunha delas desbota a idea de arquivo. Que outras veces non botaba man dese arquivo, pode pensarse cando no artigo «La creación continua», *Faro de Vigo* 16/06/1974, escribe: «El ritual de inversión prueba que todas las sociedades viven *sub conditione*, que todas son problemáticas. Ya lo había intuido Paul Valéry y yo me había aprovechado del escritor francés para elaborar algunas historias políticas y sociales de un imaginario Imperio Secreto» (González Somovilla 2020: 17).

Ou poida que, simplemente, ao copiar o nome da autora do poema sobre San Martiño, Cunqueiro copiase inconscientemente Mac Calvert por mil causas e motivos diferentes, se temos que acreditar en Freud cando fala dos lapsos⁵⁸. Con todo, é un lapso que nunca corrixiu o noso escritor, se é que se decatou do seu lapso, do seu erro, do seu equívoco.

A segunda hipótese é a seguinte. Miguel González Somovilla na introdución que lle puxo á antoloxía de artigos de Álvaro Cunqueiro, *Al pasar de los años. Artículos periodísticos (1930-1981)* (Cunqueiro 2020), refírese ao «caso» de «El conde que era duquesa»:

En esta veintena de artículos gastronómicos de *Jano* hay numerosas referencias literarias [...] y citas frecuentes de sus autores de cabecera cuando Cunqueiro trata de asuntos coquinos. Los naturalistas Lazzaro Spallanzani y Johannes Cambassius [...] y, sobre todo, el *conde* de Clermont-Tonnerre figuran entre los más celebrados. [...] al menos en cinco de los artículos de *Jano*, don Álvaro recurre a la autoridad del *señor* de Clermont-Tonnerre y cita –al igual que lo hace en *Teatro venatorio y coquinaro gallego*, *La cocina cristiana de Occidente* y en *A cociña galega*– su *Almanach des bonnes choses de France* (Éditions Georges Crès, París, 1920) como fuente e inspiración de algunos de sus comentarios y pareceres». (Cunqueiro 2020: LXI-LXII)

Resulta que o señor de Clermont-Tonnerre non era conde nin era tal señor. A autora do *Almanach* foi Élisabeth de Gramont, duquesa de Clermont-Tonnere (1987-1954). González Somovilla di que a pesar de que o escritor galego

manexaba y consultaba con frecuencia el *Almanach* –hemos cotejado sus citas– [...] no tenemos constancia de cuál pueda ser el origen de la confusión, que permaneció con el tiempo. Es muy probable que se debiera a que en las tres primeras ediciones apareciera como autor, É. Clermont-Tonnerre, sin más precisiones ni datos sobre esa «E», la inicial de la persona firmante de la obra. (Cunqueiro 2020: LXII)

Mais con Cunqueiro escritor toda precaución é pouca, porque, como afirma González Somovilla, despois de feita a precisión sobre a autora do *Almanach* e dar algúns datos biográficos dela, o «equívoco sobre a autora del *Almanach*, que parece, máis que un error –evidentemente lo es–, un divertimento cunqueiriano, propio de sus juegos entre realidad y ficción» (Cunqueiro 2020: LXIII).

Quizais o autor de *Tesouros novos e vellos* decatouse do erro que cometera ao aporlle a autoría de *Saints whitout tears* a un tal Phyllis Mac Calvert, pero non corrixiu ese erro, senón que o «agravou»; e agravouno creando un novo poeta, autor de catro poemas en galego, e dun poema con diferentes versións en castelán, para practicar un deses múltiples xogos entre realidade e ficción aos que tiña (ten) afeito aos seus lectores e lectoras sen nunca –nin por azar– dar unha pista.

⁵⁸ Véxase Freud (1966). Pode verse tamén, corrixiendo a Freud, as causas dos lapsos que enumera o marxista italiano Timpanaro (1977).

Referencias bibliográficas

- Alonso Girgado, Luis / Lorena Domínguez Mallo (eds.) (2012): *“Los días” en La Noche (Santiago de Compostela, 1959-1962)*. Coa colaboración de Anastasio Iglesias Blanco. Santiago de Compostela: Librería-Editorial Follas Novas.
- Castro Buerger, Iago / Xosé Henrique Costas (2011): «Limiar. A poesía de Álvaro Cunqueiro de 1931 a 1981», en Álvaro Cunqueiro, *Poesía 1933-1981*. Vigo: Galaxia, 9-25.
- Costas González, Xosé Henrique (ed.) (2021): *Cunqueiro XL. Escolma conmemorativa de poesía anosada por Alvaro Cunqueiro co adaxo do seu cuadraxésimo cabodano*. Vigo: Servizo de publicacións, Universidade de Vigo.
- Cunqueiro, Álvaro (1992): *O reino da chuvia*. Edición de Mabel Mato. Lugo: Servicio de Publicaciones Diputación Provincial.
- Cunqueiro, Álvaro (1993): *Fábulas y leyendas de la mar*. Edición de Néstor Luján. 4ª edición. Barcelona: Editorial Tusquets.
- Cunqueiro, Álvaro (2007): *El Laberinto habitado*. Edición de María Liñeira. Vigo: Nigra Trea.
- Cunqueiro, Álvaro (2012): *De santos y milagros*. Edición de Xosé Antonio López Silva. Madrid: Fundación Banco Santander.
- Cunqueiro, Álvaro (2013): *“Los otros rostros” (1975-1981) en Sábado Gráfico (Madrid, 1956-1983)*. Edición de Luis Alonso Girgado / Lorena Domínguez Mallo / Anastasio Iglesias Blanco. Santiago de Compostela: Follas Novas.
- Cunqueiro, Álvaro (2020): *Al pasar de los años. Artículos periodísticos (1930-1981)*. Edición de Miguel González Somovilla. Biblioteca Castro. Madrid: Fundación José Antonio de Castro.
- Freud, Sigmund (1966): «Equivocaciones en la lectura y en la escritura», en *Psicopatología de la vida cotidiana*. Madrid: Alianza Editorial. El libro de bolsillo 19.
- González Somovilla, Miguel (2020): *O labirinto do Imperio Secreto: Vinte artigos (1959-1976) da serie xornalística máis enigmática de Álvaro Cunqueiro*. Mondoñedo: Casa Museo Álvaro Cunqueiro.
- Plath, Sylvia (2016): *Diarios*. Edición de Karen V. Kukil. Barcelona: Alba Editorial. A edición española estivo a cargo de Juan Antonio Montiel e a tradución é de Elisenda Julibert.
- Timpanaro, Sebastiano (1977): *El lapso freudiano: psicoanálisis y crítica textual*. Barcelona: Editorial Critica.